

Personal laboral

Código do posto	Denominación	Vac.	Forma prov.	Grupo	Categoría	Titulación académica	Formación específica	Complemento singularidade	Obs.
INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA									
CENTRO DE DESTINO: INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA									
EF.A01.00.000.15770.029	CONDUTOR	NON	C	IV	16				3
CENTRO DE DESTINO: SECRETARÍA TÉCNICA									
EF.A01.00.001.15770.004	ENTREVISTADOR/A-ENQUISADOR/A	NON	C	III	103		954		4
EF.A01.00.001.15770.005	ENTREVISTADOR/A-ENQUISADOR/A	NON	C	III	103		954		4
EF.A01.00.001.15770.007	ENTREVISTADOR/A-ENQUISADOR/A	NON	C	III	103		954		4
EF.A01.00.001.15770.008	ENTREVISTADOR/A-ENQUISADOR/A	NON	C	III	103		954		4
EF.A01.00.001.15770.009	ENTREVISTADOR/A-ENQUISADOR/A	NON	C	III	103		954		4
SECRETARÍA XERAL E DO PATRIMONIO									
CENTRO DE DESTINO: SECRETARIA XERAL									
EF.C02.00.000.15770.028	CONDUTOR	NON	C	IV	16				3
EF.C02.00.000.15770.029	CONDUTOR	NON	C	IV	16				3
EF.C02.00.000.15770.030	CONDUTOR	NON	C	IV	16				3
EF.C02.00.000.15770.031	CONDUTOR	NON	C	III	63			5.139,48	3
EF.C02.00.000.15770.046	CONDUTOR	SI	C	IV	16				
SERVIZOS PERIFERICOS									
CENTRO DE DESTINO: DELEGACION TERRITORIAL A CORUÑA									
EF.C99.10.000.15001.045	TELEFONISTA	SI	C	V	3				
EF.C99.10.000.15001.046	MOZO/A	NON	C	V	12				
CENTRO DE DESTINO: DELEGACION TERRITORIAL VIGO									
EF.C99.20.000.36560.034	MOZO/A	SI	C	V	12				

CÓDIGO	DESCRIPCIÓN DAS TITULACIÓNS ACADÉMICAS
2001	ARQUITECTURA SUPERIOR
2003	ENXEÑERÍA AGRÓNOMA
2022	LICENCIADO EN CIENCIAS ECONÓMICAS
2023	LICENCIADO EN CIENCIAS EMPRESARIAIS
2062	LICENCIADO EN DEREITO
2086	LIC. SOCIOLOXÍA
2808	LCDO. ECONÓMICAS OU EMPRESARIAIS
2813	LCDO. DEREITO/ECON./EMPRESAR.
3001	ARQUITECTURA TÉCNICA
3003	ENX. TÉCN. AGRÍCOLA
3004	ENX. TÉCN. FORESTAL
3005	ENX. TÉCN. INDUSTRIAL
3024	GRADUADOS SOCIAIS
3801	ENX. TÉCNICO AGRÍCOLA OU FORESTAL
3802	DIP. ECONÓMICAS OU EMPRESARIAIS
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN DAS FORMACIÓNS ESPECÍFICAS
007	EXP. XESTIÓN ORZAMENTARIA
020	COÑECEMENTOS INFORMÁTICA NIVEL USUARIO
022	MECANOGRAFÍA, TEXTOS INFORMÁT.
028	COÑECEMENTOS INFORMÁTICOS
194	PERTENZA ÁS ESCALAS DE FINANZAS, PREFERENTEMENTE ESPECIALIDADE A9.3 E/OU A9.6: NO SEU DEFECTO A OUTRA ESPECIALIDADE DAS ESCALAS E NO ÚLTIMO LUGAR, EXPERIENCIA EN MATERIA ECONÓMICO-FINANZEIRA (R.L.)
267	EXPERIENCIA EN CUSTOS DE PERSOAL
500	LCDO. DEREITO/ECONÓM./EMPRESAR. (MÉRITO)
506	LICENCIADO EN ECONÓMICAS/EMPRESARIAIS (MÉRITO)
523	DIPLOMA DE DIRECTIVO
640	PARA PERSOAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN, CURSO DE PERFECCIONAMENTO DE GALEGO (R.L.)
641	PARA PERSOAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN, CURSO DE INICIACIÓN DE GALEGO (R.L.)
831	EXPERIENCIA XESTIÓN ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE FINANZEIRA (R.L.)
954	PERMISO CONDUCIR B (REQ. INDISPENSABLE)
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS
A11	ADSCRIPCIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E CC.AA.
AXG	ADSCRIPCIÓN EXCLUSIVA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN CORPO/ESCALA
A9.1	INSPECCIÓN E XESTIÓN FINANZEIRA E TRIBUTARIA
A9.3	INTERVENCIÓN
A9.4	ESPECIALIDADE TÉCNICA DE INSPECCIÓN E XESTIÓN FINANZEIRA E TRIBUTARIA
A9.6	TÉCNICA DE CONTABILIDADE E INTERVENCIÓN

OBSERVACIÓNS

1	OCUPADO LABORAL FINXO
2	A EXTINGUIR
3	DISPONIBILIDADE HORARIA
4	HORARIO ESPECIAL

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 14 de setembro de 2004 pola que se modifica a Orde do 5 de xullo de 2004, pola que se resolve o concurso público convocado na Orde do 9 de decembro de 2003, pola que se regula a concesión de subvencións a empresas privadas para fomentar o uso social da lingua galega.

Téndose producido renuncias ás subvencións concedidas na Orde do 5 de xullo de 2004 (DOG do 14 de xullo), pola que se resolve o concurso público convocado na Orde do 9 de decembro de 2003 (DOG do 22 de decembro) que regula a concesión de subvencións a empresas privadas para fomentar o uso social da lingua galega, e vista a proposta formulada pola comisión constituída ao abeiro do artigo 4 da devandita orde, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º

A aceptación das renuncias ás subvencións concedidas na contía que se indica aos proxectos relacionados no anexo I.

Artigo 2º

A concesión de axudas polo importe que se especifica aos proxectos relacionados no anexo II, someténdose á condición suspensiva de que os interesados completen correctamente as deficiencias observadas

nos seus expedientes de acordo co establecido na Orde do 9 de decembro de 2003.

Artigo 3º

Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE nº 12, do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2004.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Nº EXPEDIENTE	SOLICITANTE	OBXECTO DA SUBVENCIÓN	IMPORTE
2004/0000044-0	ADEXOTA, S.L.L.	CAMPAÑA PUBLICITARIA, PÁXINA WEB	826
2004/00000334-0	AINEL, AUTOMÁTICA, INFORMÁTICA Y ELECT., S.L.	PORTAL WEB	1.135
2004/00000466-0	ZAGORA AVENTURA, S.L.	PÁXINA WEB, BOLSAS, ETIQUETAXE	619

ANEXO II

Nº EXPEDIENTE	SOLICITANTE	OBXECTO DA SUBVENCIÓN	IMPORTE
2004/00000134-0	CARPINTERÍA ANTONIO CANEDA E HIJOS, S.L.	DOCUMENTACIÓN, ROTULACIÓN, CATÁLOGOS E PUBLICIDADE	1.548
2004/00000660-0	BARTUMEU LÓPEZ, S.L.	CAMPAÑA PUBLICITARIA	1.032

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Orde do 22 de setembro de 2004 pola que se adianta a data inicial do prazo para o aboamento das axudas directas comunitarias a produtores no sector lácteo, reguladas na Orde do 23 de abril de 2004.

A orde desta consellería, do 23 de abril de 2004, (DOG nº 79, do 26 de abril), estableceu na Comunidade Autónoma de Galicia a normativa complementaria para a solicitude, tramitación, resolución e pagamento, para o ano 2004, de determinadas axu-

das directas comunitarias a produtores no sector lácteo, conforme o previsto nos regulamentos (CE) 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro e 2237/2003, da Comisión, do 23 de decembro, así como no marco básico estatal recollido no Real decreto 543/2004, do 13 de abril.

Mediante o Regulamento (CE) 1540/2004, da Comisión, do 27 de agosto, estableceuse unha excepción ao disposto no Regulamento (CE) 1782/2003, no que respecta ao comenzo do período de aboamento da prima por produtos lácteos e dos pagamentos adicionais.

Dando cumprimento ao disposto no dito Regulamento, a Orde do MAPA, do 14 de setembro de 2004 (BOE nº 224, do 16 de setembro), modifica para o ano 2004 determinadas datas e prazos previstos no Real decreto 543/2004, polo que cómpre modificar a Orde do 23 de abril de 2004, adecuándoa ao previsto nesa normativa co adianto da data inicial do pagamento desas axudas directas comunitarias a produtores do sector lácteo.

En consecuencia, de acordo do disposto no artigo 30.L.3 do EAG e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, e no Decreto 50/2002, do 14 de febreiro, modificado polo 161/2003, do 13 de febreiro e polo Decreto 141/2004, do 1 de xullo,

DISPOÑO:

Artigo único.-A data inicial do prazo para o pagamento de determinadas axudas directas comunitarias a produtores no sector lácteo, establecida no artigo 13.2º da Orde do 23 de abril de 2004, adiantase ao 16 de outubro de 2004.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2004.

José Antonio Santiso Miramontes
Conselleiro de Política Agroalimentaria
e Desenvolvemento Rural

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 6 de setembro de 2004 pola que se modifica a do 14 de marzo de 2002, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde.

Publicado o Decreto 45/2002, do 8 de febreiro, que estableceu a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, procedeuse tamén a adecuar á estrutura